

Outras publicacións. — Gonzalo CONSTENLA BERGUEIRO / Ana LUNA ALONSO, *Linguas sen Estado e planificación lingüística (I): Italia e Francia*. Vigo: Universidade de Vigo. Servizo de Publicacións, 2003, 241 p.

A primeira parte («As linguas sen Estado nos tempos da mundialización») contén traballos de Felix Martí (a Unesco e as linguas) e Bojan Brezigar (o plurilingüismo na nova Europa); a segunda parte («As linguas sen estado de Italia») contén achegas de F. Fernández Rei (situación e marco legal das linguas minorizadas de Italia), de Concha Costas (situación do friulano), M^a Camiño Noia Campos (situación do val de Aosta), Esther Leira Penabade (situación do alguerés); a terceira parte («As linguas sen estado en Francia») inclúe traballos de

Xosé Henrique Costas González (marco legal e situación das outras linguas de Francia), Antón Cortizas (situación do euskera en Iparralde), Laureano Xoaquín Araújo Cardalda (situación do catalán), Isabel Kerdudo e Robert Neal Baxter (situación sociolingüística en Bretaña) e Richard Ribeiro Armero (situación do occitano); e a cuarta parte son enderezos de utilidade en internet.

— Manuel RODRÍGUEZ ALONSO, *O españolismo lingüístico*, A Coruña: Espiral Maior, 2004, p. 188

O autor debulla os textos lingüísticos en que se basea o españolismo lingüístico excluín-te e desmonta todos os tópicos sobre o galego e o seu rexurdir literario: lingua rural, só apta para a poesía (folclórica); lingua dialectalizada e non apta para expresar a vida moderna; os defensores da súa cooficialidade féchanse a coñecer outras linguas, etc, etc.

Analiza o españolismo en Menéndez Pidal e nos seus discípulos, en Amado Alonso e en persoeiros do CEH como Américo Castro, tolerante coa cultura xudía e musulmana da España medieval, pero castelanista furibundo que lle leva a dicir que o galego non é mais ca «un castellano algo arcaico». Debulla logo o ronsel das ideas de Pidal e A. Alonso na posguerra franquista (particularmente en Lapesa) e o alporizamento españolista despois da Constitución de 1978 e da aprobación dos Estatutos de Autonomía, centrándose en Julián Marías G. Salvador e en recentes ensaios de Lodares ou Juaristi. Tamén estuda a difusión dese españolismo en Galicia, a orixe dos prexuízos antigaleguistas na restauración canovista (e o papel da Pardo Bazán) e o prexuízo antigaleguista actual, que non cesa.

— Benxamín RIOBÓ SANLUÍS / Miguel ANXO SARTAL LORENZO (coords.), *Fala e cultura d'Os Tres Lugaris. Valverde do Fresno, As Ellas, San Martín de Trebello (Cáceres)*. Noia: Toxosoutos, 2004, 186 p.

Trátase da actualización do traballo inédito *Estudio lingüístico, Etnográfico y Antropológico del Val do río Ellas (Cáceres)*, gañador do Certamen de Jóvenes Investigadores do ano 1993 do Ministerio de Educación e Ciencia e que fora coordinado por Xosé Henrique Costas González. É un traballo de divulgación sobre a historia, a etnografía e a lingua dos somentes da serra de Gata, onde, en palabras de Lindley Cintra, se emprega un «falar também esencialmente galego». [F. F.-R.]